

DIDÁCTICA DAS CIENCIAS SOCIAIS

RAMÓN LÓPEZ FACAL

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

I. INTRODUCCIÓN XERAL: DESCRICIÓN DA ÁREA DE TRABALLO

A Didáctica das Ciencias Sociais (DCS) é un campo de investigación incipiente, non só en Galicia, aínda que está experimentando un crecemento rápido nos últimos anos. Como as outras áreas das didácticas aplicadas (ciencias experimentais, linguas, educación artística, matemáticas, etc.) ten por obxecto a investigación de problemas e proposta de alternativas relacionados co ensino e aprendizaxe dun determinado conxunto de saberes, neste caso das ciencias sociais. A finalidade última é identificar os mecanismos que favorecen a comprensión e aprendizaxe de coñecementos e promover a súa aplicación e difusión para lograr que as persoas consigan construír unha sociedade mellor. Un dos ámbitos de traballo fundamentais refírese pois á educación formal, aos problemas de ensino e aprendizaxe que inciden nos sistemas educativos regulamentados, desde a educación infantil á universitaria. Mais non é o único espazo para a investigación e a aplicación. A educación non formal e a informal teñen adquirido cada vez máis relevancia.

A estrutura dos sistemas educativos condicionou a investigación en DCS. En países como o noso (tamén en

Latinoamérica e Francia entre outros) o estudo de coñecementos sociais centrouse no ensino da historia, a xeografía, a historia da arte e, en menor medida, na educación cívica e na economía. De aí que os problemas relacionados con estes campos do saber constitúan o principal obxecto das investigacións realizadas, mentres que noutros países como Estados Unidos ou Canadá a maioría das investigacións relaciónanse cos *Social Studies* e os *Cultural Studies*. Con todo, tanto nuns países como noutros a confluencia entre ambas orientacións é cada vez maior. En primeiro lugar, pola internacionalización dos coñecementos e a vontade de aproximación que se veñen materializando en congresos, simposios, estadías e publicacións de investigadores, alén do propio país, e tamén polo interese crecente en todos eles pola educación non formal e informal.

A maneira en que se difunden coñecementos sociais fóra do marco escolar supera o estreito marco das disciplinas escolares que, pola súa banda, están condicionadas por unha tradición histórica que non cabe analizar aquí (López Facal, 2009; López Facal e Cabo Villaverde, 2012). A DCS interésase cada vez máis nos problemas que a transcende, como a educación patrimonial que ten en conta a herdanza material e inmaterial en cada sociedade, a diversidade cultural e a construción dunha convivencia pacífica, a construción de identidades, a xestión de conflitos sociais e a participación nunha sociedade democrática, os dereitos e deberes individuais e colectivos, o compromiso coas xeracións futuras pola sustentabilidade, a creación e distribución da riqueza, e outros asuntos desta natureza (López Facal, 2004a e 2004b). A investigación en DCS trata de dar resposta a estas preocupacións, construindo un campo de coñecementos aplicables dentro e fóra do marco escolar.

Estudar a sociedade implica unha pluralidade de perspectivas de análise, interdisciplinariedade. Investigar sobre

como mellor ensinar e aprender a coñecerla, tamén. De aí que moitas das investigacións relevantes en DCS se teñan formulado en campos fronteirizos e complementarios, por investigadores cunha formación de base en historia, en xeografía, en psicoloxía cognitiva ou en pedagogía, que ao estudar problemas sociais vense impelidos a ter en conta achegas realizadas desde outros campos. Como ten sucedido noutras didácticas aplicadas, por caso na didáctica das ciencias experimentais, na medida na que se consolidou o campo de investigación foise construindo unha comunidade especializada de investigadores en DCS que superaron o campo de coñecementos no que se formaran inicialmente. Neste proceso, tivo especial importancia a implantación do mapa de áreas de coñecementos no sistema universitario español a partir de 1985. Mais tamén a incorporación de profesorado innovador de educación primaria e secundaria que encontrou unha canle para compartir experiencias e intereses grazas á aparición de revistas específicas de DCS, simposios, congresos e cursos de diverso tipo (Armas Castro, 2002 e 2004).

A precariedade dos departamentos das Universidades galegas (para a área de DCS), xunto coa dificultade de compatibilizar investigación e docencia no ensino non universitario limitou até agora as posibilidades de consolidación. No ano 2010 en Galicia había unicamente un profesor universitario con vinculación permanente e coa titulación de doutor en toda Galicia (na USC, en Lugo). Nese ano 2010, a USC incorporou dous profesores titulares e a UDC unha contratada doutora. Nestes cinco últimos anos, a produción científica incrementouse notablemente, aínda que desenvolvida até agora case exclusivamente polos investigadores do grupo da USC.

II. PRODUCCIÓN CIENTÍFICA NA ÁREA

2.1. *Publicacións*

2.1.1 Artigos

Desde o ano 2004 identificamos 117 artigos de autoría de cando menos un investigador ou investigadora que traballa en e desde Galicia, de desigual impacto e visibilidade. Ao redor da metade son máis ben experiencias docentes innovadoras que propiamente investigadoras e corresponden, practicamente todas, a profesorado de primaria e secundaria. Porén, moitas delas recollen un importante traballo de documentación e indagación, e poderían considerarse como traballos de investigación-acción, como por exemplo os traballos de Arias (2007): “Un movimiento de mujeres que luchan por la sostenibilidad”; Noche (2013): “Xeografía 2.0 na ESO: traballo colaborativo con *wikis* e estratexias para superar o ‘copiaepega’”; Obelleiro e Prieto (2013): “Proxecto Silandeira. Actividades de coñecemento do medio en EdiLim para educación primaria: unha proposta metodolóxica para o quinto curso Abalar”; ou Santidrián (2014): “De cristales y muros: De la noche de los cristales rotos a la caída del Muro de Berlín”, entre outros moitos. Velaí a razón pola que se contabilizan neste informe, porque constitúen a base sobre a que se está a construír a investigación en DCS en Galicia.

Ámbitos

A inmensa maioría da produción ocúpase de problemas relacionados coa educación formal. Unicamente se identificaron 4 traballos relacionados coa educación non formal, como por exemplo o de Pose (2009): “Cinco apuntamentos sobre educación patrimonial e labor municipal”.

Dentro da educación formal prodúcese algún solapamento entre educación infantil e primaria, entre primaria e secundaria, e mesmo entre secundaria e educación universitaria, como por exemplo e referido a este último caso, o de Sáiz e López Facal (2015): “Competencias y narrativas históricas: el pensamiento histórico de estudiantes y futuros profesores españoles de educación secundaria”. O número máis elevado de publicacións, case a metade, está relacionado co ensino secundario, incluíndo os bacharelatos. Seguen as referidas a primaria, con case unha terceira parte, pouco máis dun 10% a educación universitaria (formación de profesorado, principalmente) con 15, e superan lentamente o 5% as que se ocupan da educación infantil. Os artigos analizados son 117, mais debido aos solapamentos sinalados realizouse nalgún caso unha dobre adscrición, polo que a suma total é de 120, e non de 117, e a porcentaxe total superior a 100.

Táboa 1. Artigos por ámbitos educativos

Ámbitos	Número de artigos	Porcentaxe
Educación non formal	5	4,27%
Educación infantil	8	6,83%
Educación primaria	37	31,62%
Educación secundaria	57	48,71%
Educación universitaria	13	11,11%

Temáticas

Se clasificar as publicacións por ámbitos ofrece algunha complicación, resulta moito máis complexo facelo por temáticas. As ciencias sociais teñen un carácter integrador e os traballos de investigación inciden en máis dunha temática

que están estreitamente relacionadas. As áreas tradicionais de ensino e aprendizaxe en que se veñen estruturando os coñecementos sociais na educación formal (historia, xeografía, historia da arte, economía e educación cívica) son con frecuencia superadas por prácticas educativas innovadoras, máis globalizadas e integradoras. Esta realidade reflíctese tamén na investigación. Mais desde un punto de vista analítico cómpre tratar de facer algún tipo de agrupamento. Un dos obxectos de atención da investigación en DCS é o relacionado coa construción de identidades. Identidades que non se limitan ás nacionais senón tamén ás de xénero, ás culturais, ás de grupo, etc. A dimensión transversal destes procesos de identificación está moi relacionada con elementos presentes na paisaxe, o territorio, a tradición e cultura, a diversidade, a inclusión e exclusión de persoas e grupos (a construción do “nós” fronte a “outros”) a percepción e aprendizaxe do pasado e mesmo ao desenvolvemento de competencias como a social e cidadá ou a argumentativa. Con todo, realizouse unha clasificación das temáticas considerando a que parecía máis relevante en cada caso. Mesmo así houbo 21 artigos que se incluíron en dúas categorías, polo que tamén na seguinte táboa a porcentaxe total é superior a 100, e a suma de artigos de 130.

A maioría dos traballos poden relacionarse, directa ou indirectamente, con temáticas propias das áreas escolares tradicionais (historia, xeografía, historia da arte e educación cívica na secundaria e ciencias sociais —coñecemento do medio— en primaria). Porén, de maneira máis específica identificáronse 21 traballos sobre educación histórica (17 de secundaria, 3 de primaria e 1 de infantil); 11 de xeografía (5 de secundaria, 3 de primaria e outros 3 sobre educación universitaria); 4 de arte (2 de secundaria, 1 de infantil e outro universitario). Complétase con 3 traballos sobre educación económica, os 3 de secundaria e un de filosofía na educación infantil.

O número máis elevado está relacionado coa educación patrimonial (28 artigos) que analizan, na maioría dos casos, experiencias desenvolvidas na educación primaria (20). Dentro deste grupo identificouse un subgrupo importante relacionado con patrimonio local: 17 traballos, 15 deles no ámbito da educación primaria; un en educación non formal (Reigosa, 2006) e 2 (Iglesias Baldonado, 2009; Vázquez Rozas, 2006) en secundaria, que ademais teñen en común ir alén do local ofrecendo conclusións extrapolables a outros lugares.

Hai outro conxunto de 28 artigos identificados, en sentido amplo, coa educación cívica e social, que abordan temas como a participación, a igualdade, o desenvolvemento de competencias sociais como a argumentación e a xestión de conflitos, etc. Neste caso, a maioría, 18, corresponden ao ámbito da educación secundaria (seis a primaria, tres a infantil e un a educación non formal). Se ademais sumamos a esta categoría os 9 identificados coa educación intercultural, a educación para unha cidadanía democrática acada un total acumulado de 37, case un terzo do total. Porén esta cantidade non se corresponde coa relevancia académica: ata 18 publicacións apareceron en revistas non indexadas, como a *Revista Galega da Educación* ou na *Revista Galega do Ensino*, mentres que as que teñen unha cualificación máis elevada (en *DICE: Difusión y calidad editorial de las revistas españolas de Humanidades, Ciencias Sociales y Jurídicas* que elabora o CSIC) son unicamente 9 artigos no ámbito da secundaria e todos eles publicados en *Íber* (8) ou en *Contextos educativos* (1).

O tema do papel da educación na construción de identidades adquiriu unha gran relevancia nos últimos quince anos. O número de traballos sobre esta temática é de 15, a maioría no ámbito da secundaria. Unicamente hai dous relacionados coa educación universitaria (López Facal e Jiménez-Aleixandre, 2009; López Facal, 2010a) e outro coa educación infantil

(Alonso *et al.*, 2012). Nesta temática concéntranse algún dos artigos publicados en revistas con maior factor de impacto, como *JCR* (Rodríguez Lestegás, 2006); *SCOPUS* (Saiz e López Facal, 2015); *ERIH* e grupo A pola ANEP (López Facal, 2008); *SJR* —SCIELO— Q1 (López Facal e Jiménez-Aleixandre, 2009); *DICE* —grupo A— (Rodríguez Lestegás, 2008) e 8 máis en revistas clasificadas en *DICE* (como de nivel B *Íber*).

Outro conxunto bastante heteroxéneo é o que se ocupa de aspectos curriculares, da organización e da práctica educativa, como o desenvolvemento de competencias, avaliación, materiais escolares, deseño e planificación do ensino e aprendizaxe, etc. Son 9 traballos de ámbito, natureza e recoñecemento académico moi desigual, cunha publicación *JCR-ISI*, López Facal (2014): *La LOMCE y la competencia histórica*; 5 artigos en *Íber* (*DICE*: B) catro no ámbito da secundaria e un no universitario; 2 na *Revista Galega de Educación* (non indexada) e dous de nivel C.

Táboa 2. Artigos por temática

	Número de artigos	Porcentaxe
Educación patrimonial	28	23,93%
<i>Patrimonio local</i>	17	14,52%
Educación social cidadá e intercultural	37	31,62%
<i>Interculturalidade</i>	9	7,69%
Construción de identidades	15	12,82%
Curriculo e práctica educativa	9	7,69%
TIC	3	2,56%
Educación histórica	21	17,94%
Educación xeográfica	11	9,40%
Educación artística	4	3,41%
Outras: economía, filosofía, etc.	4	3,41%

Sorprende a baixa presenza de publicacións de DCS que se ocupan das TIC con só tres artigos dos que dous aparecen nunha revista non indexada (*Revista Galega do Ensino*) e outro coa clasificación C en *DICE* (*Aula de Innovación Educativa*).

Tamén neste caso as porcentaxes superan o 100% porque hai 15 artigos que se contabilizan en máis dunha temática.

Calidade, impacto e visibilidade das investigacións publicadas

Un dos problemas da investigación en DCS é a súa escasa visibilización. En Galicia non existe ningunha publicación específica desta área. Entre o ano 2000 e o 2011 publicouse *Dezeme. Revista de Historia e Ciencias Sociais*. Unha meritoria publicación da Fundación 10 de Marzo que non chegou a estar indexada e da que non se analizou ningún artigo neste informe debido, precisamente, á súa descontinuidade xunto á non indexación nalgunha das bases de datos recoñecidas, e malia que nela poden encontrarse traballos de grande interese, superiores en moitos casos a outros que se tiveron en conta. Esta carencia de revistas de referencia é tamén un problema no resto de España: non existe ningunha publicación periódica *ISI*, *JCR*, nin *Scopus*, como sucede por exemplo no campo da didáctica das ciencias experimentais con *Enseñanza de las Ciencias*. E tampouco contamos con revistas de DCS que estean incluídas como de nivel A en *DICE* (*Difusión y calidad editorial de las revistas españolas de Humanidades, Ciencias Sociales y Jurídicas* que elabora o CSIC), *INT* en *ERIH* (*European Reference Index for the Humanities*). As máis altas están nos grupos B e C: *Íber*, *Clio History and Teaching History* e *Didáctica de las Ciencias Experimentales y Sociales*. Os investigadores

galegos en DCS tiveron que recorrer a estas publicacións ou ben publicar en revistas educativas máis xeneralistas ou especializadas noutras áreas de investigación, en Historia, Xeografía ou Estudos Sociais como *Ayer: Revista de Historia Contemporánea*; *Cultural Studies of Science Education*; *Revista de Educación*; *Revista de Estudios Sociales*; *Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas*; *Historia de la Educación*; ou *Revista Española de Pedagogía*. As dificultades acentúanse porque tampouco existe ningunha revista internacional nesta área. En Europa, entre as máis recoñecidas están *Le Cartable de Clio* (revista suíza en francés, na categoría B na *Clasificación Integrada de Revistas Científicas, CIRC*, da Universidade de Granada) ou o *International Journal of Historical Learning, Teaching and Research*, revista británica indexada en *ERIH*. Tampouco hai en América, desde Canadá a Chile, ningunha revista da área indexada. En Canadá, Estados Unidos, Australia e Nova Zelandia as publicacións de investigación educativa máis afíns son as de *Social Studies*, e tampouco hai ningunha nos niveis máis altos.

Unha segunda debilidade da investigación en DCS é a escasísima internacionalización. Un elevado número de publicacións son moi locais e de baixo impacto: 47 artigos corresponden a dúas revistas galegas, *Revista Galega de Educación* e *Revista Galega do Ensino* que como xa se sinalou, non están indexadas. Téñense identificado unicamente sete artigos en revistas internacionais. Deles, tres en revistas latinoamericanas: dous na colombiana *Revista de Estudios Sociales*, indexada en *Scopus* e un na arxentina *Clio & Asociados*, non indexada, mais que ten certa relevancia en Hispanoamérica. Hai dous artigos en inglés, na *Cultural Studies of Science Education* e máis na *International Journal of Historical Learning, Teaching and Research*, e un en francés en *Le Cartable de Clio*. Estes sete artigos comparten autoría (López Facal, 2010a, 2010b, 2010c; López Facal e Jimenez-Aleixandre, 2009; Pousa e López Facal, 2013; Sainz

e López Facal, 2015; Toledo *et al.* 2015) é dicir, unicamente se localizaron neste período sete publicacións noutras linguas e/ou en revistas estranxeiras, e todas elas dun mesmo investigador en DCS da USC.

A inmensa maioría dos autores contan cun único artigo relacionado coa DCS durante o período analizado, o que pon de manifesto unha escasa especialización. Hai unicamente dous autores, os dous de DCS e da USC, con máis de dúas achegas: Rodríguez Lestegás con 9 e López Facal con 34. E hai cinco máis con dúas cada un: Manuel Pousa; Rodríguez Conde e González López (xuntos, en coautoría), Sánchez Blanco, e Luis Velasco, con dúas publicacións cada un. Os tres primeiros son profesores de secundaria. Concepción Sánchez Blanco é profesora titular de Pedagogía e Didáctica da UDC (non de DCS), e Luís Velasco, bolseiro de investigación da USC. Non se localizaron artigos de investigación do profesorado de Didáctica das Ciencias Sociais das Universidades da Coruña e Vigo que manteñen a súa produción científica en área afíns: Arqueoloxía e Xeografía, respectivamente.

Dada a debilidade e a incipiente configuración da área de DCS, adoptouse un criterio inclusivo moi amplo para a clasificación das publicacións periódicas, seguindo fundamentalmente as categorías seguidas na base de datos *CIRC*, *DICE*, *DIALNET*, as clasificacións da ANEP e *ERIH*, ademais, obviamente, de *SCOPUS* e *JCR (Journal Citation Reports, Web of Science* de Thompson Reuters) e *ISI (Web of Knowledge)* que son escasas.

Tipo A: as incluídas en *JCR*, *ISI*, *Scopus*, *SJR- SCIELO*, *ERIH*, ou nalgunha das bases de datos españolas que lle outorgan esa cualificación: *Ayer: Revista de Historia Contemporánea*, *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, *Cultural Studies of Science Education* (Países Baixos), *Historia de la educación*, *Revista de Educación*, *Revista de Estudios Sociales* (Colombia) e *Revista Española de Pedagogía*.

Tipo B: as incluídas nalgunha das bases de datos españolas mencionadas con esa cualificación: *Contextos educativos: Revista de Educación*; *Íber: Didáctica de las Ciencias Sociales, Geografía e Historia*; *Clio History and Teaching History*; *International Journal of Historical Learning, Teaching and Research* (Gran Bretaña); *L'Avenç: Revista d'història*; *Le Cartable de Clio* (Suíza); *Miniús: Revista do departamento de historia, arte e xeografía da Universidade de Vigo* e *Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas*.

Tipo C: as incluídas nalgunha das bases de datos españolas con esa cualificación: *Aula de Innovación Educativa*; *Enseñanza de las ciencias sociales*; *Historiografías*, *Revista de historia y teoría*; *Perspectiva Escolar* e *Revista Electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado*.

Tipo D: as incluídas nalgunha das bases de datos españolas con esa cualificación: *Aula de Infantil*.

Non indexadas: *Clio y Asociados* (Arxentina); *Gerónimo de Uztariz*; *Revista Galega de Educación* e *Revista Galega de Ensino*.

Táboa 3. Número de artigos clasificados por tipo de revistas

Tipo	Nº de artigos	Porcentaxe	Españolas	Non españolas
A	9	7,69%	5	3
B	41	35,04%	39	2
C	9	5,12%	9	0
D	6	5,12%	6	0
Non indexadas	53	45,29	52	1
Total	117	100%	111	6

2.1.1. Libros e capítulos de libros

Neste apartado resulta aínda máis complexo facer un seguimento exhaustivo da produción científica. Conside-

rando as características xa sinaladas desta área (debilidade, fragmentación ou escasa especialización) que se reflicte no reducido de investigadores que teñen máis dunha contribución durante o período, non é posible acreditar que se realizou unha identificación completa de toda a produción en DCS. A metodoloxía seguida neste caso consistiu en identificar nos *curriculum vitae* do profesorado universitario galego de DCS libros e capítulos de libros. Posiblemente existan outras achegas realizadas por investigadores ou profesorado que non forma parte dos departamentos correspondentes de DCS da UDC, USC e UVigo. Non se consideraron dentro deste apartado nin as publicacións derivadas de congresos e simposios, aínda que adoptasen a forma de libros e que se indican noutro apartado, nin tampouco os libros de texto e materiais curriculares para as aulas.

O número total de libros localizado foi de 3, e o de capítulos de libros de 15, doce deles de autoría única e tres de autoría compartida.

Dos tres libros relacionados coa DCS coordinados ou de autoría de investigadores de Galicia, un deles corresponde a un investigador da UDC do Departamento de Pedagogía e Didáctica e se ocupa de educación sociocultural (non formal), un ámbito que comparten tanto a pedagogía social e a DCS (Pose, 2006). Os outros dous son obras colectivas nos que predominan contidos historiográficos antes que os didácticos, que se inclúen por dúas razóns: porque o contido dalgún dos capítulos é de didáctica (educación histórica) e porque na autoría ou coordinación da obra aparece un investigador en DCS de Galicia (Villares *et al.*, 2004; López Facal e Cabo Villaverde, 2012).

No apartado de libros e capítulos de libros volve detectarse unha moi limitada internacionalización, con unicamente tres capítulos publicados fóra de España, en inglés ou francés: en Peter Lang (Frankfurt am Main), ESF (París) e ENS (Lyon). As dúas primeiras son editoriais internacional-

mente recoñecidas en educación que se clasificaron como de tipo A; ENS (de Lyon) como de tipo B. Os tres capítulos corresponden ao mesmo autor, un deles en coautoría con outro investigador en historia contemporánea tamén da USC (López Facal e Cabo Villaverde, 2013).

Ningún dos libros foi publicado por editoriais institucionais. Unicamente un é dunha editorial pública (Publicacions de la Universitat de València) que ten unha rigorosa política para a aceptación de orixinais e que goza de recoñecido prestixio en áreas como a da historia e historiografía. Para cualificar a calidade das editoriais españolas tívose en conta a clasificación *SPI* (*Scholarly Publishers Indicators*) do CSIC (Consejo Superior de Investigacións Científicas), dispoñible en <http://ilia.cchs.csic.es/SPI/>. A maioría das publicacións están situadas no primeiro cuartil para educación ou historia⁴⁵: Graó, Crítica, Publicacions de la Universitat de València e Pearson. E dous capítulos figuran en libros das editoriais La Catarata e Comares con escaso recoñecemento en educación, pero si en historia, especialmente no caso de Comares. De acordo con esta clasificación establecéronse tres niveis: A, para publicacións do primeiro cuartil, B para o resto e C para non indexadas (como a ed. L'Ullal, de Valencia).

Táboa 4: Libros de investigadores de Didáctica das Ciencias Sociais (DCS)

Ano	Nº	Aut. USC	Aut. UDC	Autoría	Edit. Españ.	Ed. Intern
2004	1	1		Compart: 6	Crítica	0
2006	1		1	Única	Graó	0
2012	1	2		Coord.: 2	Comares	0
	3	2	1	--	3	0

45. Pola súa natureza, algunhas contribucións sobre educación histórica, é dicir, de didáctica da historia, publicáronse en libros colectivos con historiadores de recoñecido prestixio.

Táboa 5: Capítulos de libros de investigadores de Galicia en DCS

Ano	Nº	USC	UDC	Autoría	Edit. Es. A	Edit. Es. B	Edit. Es. C	Ed. Int A	Edit. Int. B
2003	1	1		Única			L'Ullal		
2004	3	1	2	Única	Pearson Crítica				
2005	1	1	-	Única	Graó				
2006	1	1	-	Única				ESF	
2007	1	1	-	Única		La Catarata			
2009	1	1	-	Única	PUV				
2011	3	3	-	2 comp. 1 Única	Graó				
2012	1	2	-	Compart: 2	Comares				
2013	2	1	-	Única				Peter Lang	ENS
2015	1	2	-	Compart: 3				Peter Lang	
	18	14	2	8 única 3 compart.	5	1	1	2	1

As temáticas dos libros e capítulos de libros pódense agrupar en catro categorías:

a) TIC e ensino das Ciencias Sociais: 2 capítulos de libros da mesma autora (da UDC), dedicados á Formación de Profesorado de Primaria, nunha editorial de tipo A (Pearson): Magdalena Vidal 2004a e 2004b.

b) Educación histórica e construción de identidades (identidades nacionais e posnacionais): 1 libro e 6 capítulos de libros. Todos do mesmo investigador da USC (López Facal) e tres deles en coautoría con investigadores da USC doutra área (Didáctica das Ciencias Experimentais e Historia) e nun caso, tamén, de Psicoloxía da educación (López Facal, Jiménez-Aleixandre e Arcidiacono, 2015).

c) Currículo de historia e ciencias sociais: 7 artigos do mesmo investigador da USC, dous deles en coautoría con outro dunha universidade non galega (López Facal e Valls, 2011; Valls e López Facal, 2011).

En 2015 hai en prensa cando menos tres capítulos libros máis en editoriais internacionais (2 no Reino Unido e 1 en

México) o que permite valorar que se está incrementando a proxección internacional da investigación feita desde Galicia.

Proxectos de investigación

Algún investigador de DCS da USC participou en equipos de investigación de proxectos financiados, mais antes de 2013 todos eles estiveron liderados por IP doutras áreas ou ben de Universidades non galegas. No primeiro caso están os de Historia Contemporánea, aínda que dentro deles estaba presente a dimensión educativa (ensino da historia): *La nacionalización española en Galicia: 1808-1874* [HMU2006-10999, Plan Nacional de I+D+i, IP, Xusto Bermendi] e mais *A nacionalización española en Galicia no século XIX* [PGIDT06PXIB210051PR, financiado pola Xunta de Galicia, co mesmo IP]. Tamén houbo participación en proxectos específicos de DCS de universidades de fóra de Galicia, como *Criterios, procedimientos e instrumentos de evaluación de los contenidos de Geografía e Historia en el segundo ciclo de Educación Secundaria Obligatoria* (08810/PHCS/08) financiado pola Fundación Séneca da Rexión de Murcia (IP: Pedro Miralles) ou en *Estudio de las transiciones Dictadura-democracia: Formación ciudadana y competencias de historia en el mundo escolar español y chileno* (EDU2009-09775), do plan nacional de I+D (IP: Isidoro González, da Universidade de Valladolid).

En 2012 púxose en marcha o primeiro proxecto de investigación en Didáctica das Ciencias Sociais, promovido desde Galicia, que contou con financiamento do Plan Nacional de I+D+i (Ministerio de Economía y Competitividad): *Análisis del desarrollo y evaluación de las competencias básicas en Educación Secundaria desde la enseñanza de las Ciencias Sociales (Geografía e Historia)* [EDU2013-3709-C03. IP: Ramón López Facal]. Trátase dun proxecto coordinado,

liderado desde a USC, que incluíu outros dous subproxectos radicados respectivamente nas universidades de Barcelona e Murcia. O subproxecto coordinador, desenvolvido desde a USC, ten por título *Estrategias de argumentación y desarrollo de competencias básicas en la enseñanza de las Ciencias Sociales de la ESO*. No equipo de investigación participaron inicialmente tres investigadores de DCS da USC e un máis de didáctica da lingua e literatura e catro doutores máis de universidades non galegas, dous españois, de Madrid e Valencia, e dúas estranxeiras (Portugal e Brasil). A este equipo incorporáronse posteriormente catro doutores máis e unha investigadora en formación que iniciou a súa investigación doutoral no marco do proxecto. O grupo de investigación completouse cun equipo de traballo de 9 profesores de secundaria en activo.

O proxecto materializouse na investigación en varias aulas de secundaria de Galicia (6) e Valencia (3), e con profesorado de educación primaria en formación e máis en activo, recorrendo a metodoloxías mixtas (cuantitativas e cualitativas, con maior peso destas últimas) que fixeron posible a finalización dunha tese de doutoramento na Universidade de Valencia en 2015 (de Sáiz Serrano, codirixida por dous integrantes do grupo de investigación: Valls e López Facal) e outra pendente de rematar.

A produción científica máis destacada dos últimos anos está relacionada e xerouse no marco deste proxecto: Un dos libros (López Facal e Cabo Villaverde, 2012), catro capítulos de libros, seis artigos e nove comunicacións a congresos internacionais.

Redes de investigación

A investigación en DCS de Galicia ven articulándose en redes promovidas e coordinadas, nalgúns casos, desde o grupo de investigación da USC.

Desde principios dos anos da década de 1980 constituíuse a Asociación Universitaria de Profesorado de Didáctica de las Ciencias Sociales (AUPDCS: <http://didactica-ciencias-sociales.org/la-asociacion/presentacion/>) que organiza un congreso anual de carácter internacional. Os investigadores de DCS da USC (e unha da UDC, xa xubilada) forman parte desta asociación e participan regularmente nos Congresos nos que presentaron e publicaron unha ducia de comunicacións no período analizado. Está previsto organizar o XXVIII en Lugo en 2016.

En Europa constituíronse dúas asociacións nas que tamén participan investigadores en DCS da USC (até agora non das outras universidades galegas): HEIRNET (History Educators International Research Network) promovida pola británica The Historical Association (http://www.history.org.uk/news/news_525.html) e máis a IRAHSSE/AIRDHSS: International Research Association for History and Social Sciences Education/ Association Internationale de Recherche en Didactique de l'Histoire et des Sciences Sociales (<http://irahsse.org>). Algún dos investigadores da USC participan regularmente nos congresos e seminarios de ambas as dúas asociacións, non unicamente con comunicacións, senón tamén como membros dos comités científicos. Esta participación está permitindo construír unha rede de colaboración con investigadores doutros países que comeza a materializarse en publicacións internacionais, varias delas en prensa neste ano 2015.

Hai tamén iniciativas de redes promovidas e desenvolvidas desde Galicia. A primeira delas (cronoloxicamente) foi IDEHER (Investigadores de enseñanza de la historia en red) financiado entre 2009 e 2012 polo Ministerio de Innovación (HAR209-07697-E/HIST: IP Ramón López Facal). Esta primeira rede fixo posible a realización dun congreso internacional en Santiago de Compostela (2010) coa participación de investigadores de 14 países e a publicación das actas corres-

pondentes e, sobre todo, sentar as bases da cooperación con investigadores españois, europeos e iberoamericanos.

Desde o 01/12/2014 púxose en marcha, tamén desde a USC, a Red 14: Red de Investigación en enseñanza de las Ciencias Sociales, unha rede de excelencia financiada polo Plan Nacional de I+D que reúne a 10 equipos de investigación en ensino das ciencias sociais de 14 universidades españolas (inicialmente) integrada neste momento por uns cen doutores da área. É dicir, a inmensa maioría dos investigadores cualificados da área de DCS, coa intención de ir incorporando aos que non forman aínda parte dela. A rede ten organizado diversos seminarios e encontros, e entre os seus obxectivos está o de incrementar a calidade das revistas españolas da área nas que están presentes os membros desta rede (*Enseñanza de las Ciencias Sociales*, *Íber*, *Clio History and Teaching History*, *Her&Mus (Heritage and Museum)*, e *Didáctica de las Ciencias Experimentales y Sociales*); e mellorar a calidade da investigación en DCS, para o que se organiza anualmente unha escola de doutoramento na que participan doutorandos dos grupos de investigación que forman a rede. A escola ocúpase fundamentalmente de debater e poñer en común problemas relacionados coa metodoloxía da investigación.

A participación de Red 14 complementábase coa incorporación a unha rede autonómica interdisciplinar de investigación en ciencias sociais, a rede NEDAT (Novos Enfoques da Análise Territorial: implicacións sociais, económicas e formativas) financiada pola Xunta de Galicia desde 2014. Está integrada por catro grupos, dous da USC: GI-1871, Análise Territorial (ANTE), grupo coordinador da rede (IP: Rubén Lois) e GI-1929, Ensinanza de linguas e culturas e ciencias sociais (ELINCIS, IP: Ramón L. Facal). E dous grupos da UDC: G000661, Grupo de Estudos Territoriais (GET) e G000616, Grupo de Investigación en Regulación, Economía e Finanzas (GREFIN). Os temas de traballo común

están relacionados co crecemento intelixente, sustentable, e inclusivo, coas *smart cities*, coa relación entre turismo, patrimonio, a paisaxe e a educación como motor de crecemento intelixente, e as principais accións oriéntanse cara ó deseño de novos recursos e instrumentos para analizar os procesos de ensinanza e aprendizaxe como referencia para as accións de concienciación cara á sociedade.

2.3. *Teses de doutoramento*

Constitúe unha das principais debilidades da área de DCS en Galicia. As dúas únicas teses de doutoramento en DCS que se defenderon en Galicia até 2015 realizáronse no Departamento de Historia Contemporánea da USC: en 1999 a de Ramón López Facal (*O concepto de nación no ensino da historia*) codirixida por Justo Bermendi (da USC) e Juan Ignacio Pozo Muncio (da UAM). E en 2012 a de Manuel Pousa Castelo (*O ensino-aprendizaxe do imperialismo*: https://dspace.usc.es/bitstream/10347/6172/1/rep_290.pdf) dirixida por R. López Facal. A debilidade da área de DCS nas tres universidades galegas e a ausencia de programas de doutoramento específicos, explican, en parte, esta anomalía ou que algún dos investigadores galegos dirixisen xa algunha tese en Universidades de fóra de Galicia, mais ningunha aquí. A constitución do novo programa de doutoramento en Educación na USC desde 2013 facilitara que haxa xa varias en marcha nesta área. Non hai constancia de que neste momento se estean realizando teses en DCS nas outras universidades galegas.

2.4. *Organización de congresos, seminarios e xornadas científicas*

En xuño do ano 2010 organizouse en Santiago de Compostela o I Congreso Internacional sobre Enseñanza de la Historia: Pensar históricamente en tiempos de globa-

lización (López Facal, Velasco, Santidrián e Armas, 2011) coa asistencia de unhas 200 persoas de 14 nacionalidades (Alemaña, Arxentina, Brasil, Canadá, Chile, Cuba, España, Francia, Grecia, Italia, Marrocos, México, Portugal e Suíza). Presentáronse 50 comunicacións sobre a educación histórica, fundamentalmente na educación formal non universitaria. A organización correu a cargo da rede IDEHER, o Departamento de Historia Contemporánea e de América (departamento do que nese momento formaba parte como profesor asociado R. López Facal, presidente do congreso), a Escola Universitaria de Relacións Laborais (que facilitou as súas instalacións e medios), e a Fundación 10 de Marzo. Contou co patrocinio do Ministerio de Ciencia e Innovación e formaron parte do Comité Científico investigadores de seis nacionalidades diferentes: http://dspace.usc.es/bitstream/10347/8817/1/CC_201.pdf.

En setembro de 2011 organizouse na Facultade de Xeografía e Historia da USC o I Congreso Internacional: Innovación metodolóxica y docente en Historia, Arte y Geografía. A temática do congreso foi a innovación educativa na educación universitaria. Presentáronse 80 comunicacións ás catro liñas que se contemplaban: Historia, Xeografía, Historia da Arte e Didáctica das Ciencias Sociais. A organización correu a cargo de profesores e investigadores das diferentes áreas da Facultade de Xeografía e Historia e máis da de Didáctica das Ciencias Sociais (Facultade de Ciencias da Educación) e no comité científico participaron investigadores de 12 universidades españolas e 10 de non españolas (Alemaña, Chile, Francia, Italia, Portugal, Suíza e Reino Unido). Contou con financiamento do Ministerio de Ciencia e Innovación. (Durán, López Facal, Saavedra, Sánchez e Villarino, 2012: https://www.ucm.es/data/cont/media/www/pag-47705/2011_USC_Innovacion_Docente.pdf).

Desde 2011 hai investigadores en DCS da USC que tamén veñen participando en comités científicos e de or-

ganización de congresos internacionais fóra de Galicia, en España, Portugal e Latinoamérica, ademais de organizar anualmente seminarios sobre didáctica da historia e a educación patrimonial nos que participan regularmente entre 50 e 100 asistentes de Portugal, Galicia e do resto de España. Estes seminarios desenvólvense habitualmente na Facultade de Ciencias da Educación da USC, aínda que os que se ocupan de educación patrimonial realízanse no Museo do Pobo Galego (Santiago de Compostela) coa colaboración do Departamento de Pedagogía dese Museo.

III. AVALIACIÓN XERAL DA INVESTIGACIÓN NA ÁREA

A investigación en Didáctica das Ciencias Sociais que se produce en Galicia responde até agora ás seguintes liñas de traballo:

a) Educación patrimonial, incluíndo temas relacionados coas paisaxes e o territorio e centrados tanto na educación formal como na non formal.

b) Ensino e aprendizaxe de contidos sociais na educación formal. Nesta liña inclúense os estudos sobre problemas nas aprendizaxes de coñecementos históricos, xeográficos, da historia da arte, económicos e educación cívica. E abranquen desde as representacións sociais do profesorado e estudantes, o desenvolvemento de competencias, o deseño curricular e as prácticas nas aulas.

c) Tratamento de problemas sociais conflitivos na educación formal: interculturalidade, inmigración, sustentabilidade, desigualdades, etc.

Os resultados mostran aínda unha gran debilidade. Debilidade porque a investigación en DCS está practicamente ausente en dúas das tres Universidades, as da Coruña e Vigo,

e limitado a un reducido número de investigadores dentro da USC. Porén, conseguiron avances e a situación actual podería permitir a súa consolidación a curto ou medio prazo. Os indicios positivos ou fortalezas cara ao futuro son:

a) Revistas científicas: a presenza de investigadores (da USC) nos consellos das principais revistas da área (españolas e internacionais): *Íber: didáctica de la historia, la geografía y las ciencias sociales*; *Enseñanza de las Ciencias Sociales*; *Didáctica de las Ciencias Experimentales y Sociales*; *Clio, History and History Teaching*; *HERMUS: Heritage and Museum*; *Le Cartable de Clio* (Suíza); *Clío y Asociados* (Arxentina); *Andamio* (Chile) ou en destacadas revistas educativas xeralistas como *Revista de Educación*; *Educatio Siglo XXI*; *Innovación Educativa* ou a *Revista Galega de Educación*.

b) Teses: estanse realizando as primeiras investigacións en DCS no seo dun programa de doutoramento en educación, e dirixidas por profesorado da USC desta área (seis en 2015).

c) Traballo en rede: liderado da primeira rede de investigadores en Didáctica das Ciencias Sociais (Red 14) que se materializa en actividades conxuntas para a formación de novos investigadores, proxectos de investigación e publicacións conxuntas coa case totalidade, e cando menos os principais, grupos de investigación españois. E a participación nas dúas principais redes europeas (HEIRNET e IRAHSSE/AIRDHSS).

d) Proxección internacional: a colaboración habitual con equipos internacionais, de Arxentina, Brasil, Chile, México e Reino Unido que se traduce en estadías, intercambio de investigadores, participación recíproca en actividades formativas, etc.

e) Congresos: experiencia na organización de congresos internacionais sobre DCS; a presenza na organización dos principais congresos internacionais sobre DCS realiza-

dos nos últimos anos, e a previsión de que algunhas das convocatorias próximas se realicen en Galicia promovidas e protagonizadas por investigadores galegos.

Con todo, as debilidades e ameazas para a investigación nesta área son moi preocupantes. Entre elas:

a) Os investigadores máis produtivos están nunha única universidade galega e, neste momento, na última etapa da súa vida académica activa. A política de persoal das universidades públicas, con taxas de reposición 0 que impide a necesaria renovación de cadros de persoal e a consolidación de novos investigadores. As elevadas taxas de profesorado sen vinculación permanente (asociados, interinos e figuras semellantes) impide que poidan integrarse sequera nos equipos de investigación de proxectos financiados.

b) Consecuencia do punto anterior, o previsible abandono nos próximos anos dos investigadores máis produtivos ou a non incorporación dos novos que rematen as súas investigación de doutoramento pode levar a unha paralización ou á notable diminución da actividade investigadora.

c) A escasa investigación en DCS nas Universidades da Coruña e Vigo, nas que as publicacións do seu profesorado están vinculadas a outras áreas como Xeografía e Arqueoloxía e non á Didáctica, dificulta a consolidación desta área no conxunto de Galicia.

Globalmente a investigación en DCS que se realiza en Galicia ten presenza e recoñecemento en España nunha área á que aínda lle queda un longo percorrido para consolidarse.

IV. CONCLUSIÓNS E PROSPECTIVA

A área de Didáctica das Ciencias Sociais realizou en Galicia un notable esforzo nos últimos anos. Incrementouse a cantidade e calidade das publicacións, tivo un papel destacado na organización de reunións científicas internacionais, logrou recursos para financiar investigacións en convocatorias altamente competitivas como as do Plan Nacional de I+D do Goberno de España, promoveu e lidera a principal rede de investigación neste campo, participa en iniciativas interdisciplinarias e por primeira vez ten certa presenza e proxección internacional. Estes esforzos materializáronse xa en resultados, porén non se pode facer un balance optimista. As incertezas e as ameazas certas poden provocar non só a paralización do crecemento iniciado nunha área aínda débil, senón mesmo un retroceso sobre a situación actual. Entre elas quizais a fundamental sexa a falta de renovación dos cadros de persoal do profesorado universitario que permita incorporar a investigadores especializados en DCS con vinculación permanente a tempo completo nas universidades galegas. No caso de que non se normalice a política de persoal que faga posible a incorporación de novos investigadores especializados en Didáctica das Ciencias Sociais nos próximos anos, a área de DCS pode incluso desaparecer. O encargo da docencia da DCS a profesorado procedente de áreas de referencia (Historia, Xeografía) pero non do ámbito da educación, ameaza a súa viabilidade. No ano 2015 os cadros de persoal das Universidades galegas contan unicamente co seguinte persoal docente investigador:

- Na USC: un catedrático de universidade, dous profesores titulares de universidade, dous contratados interinos por vacante, unha contratada interina por substitución e tres asociados (os catro últimos cunha dedicación parcial tipo P3).

- Na UDC: unha profesora contratada doutora, unha titular de escola universitaria e dous asociados (P3).

- Na UVigo: tres profesores asociados a tempo parcial (P3).

En suma: catro PDI con vinculación permanente (3 na USC, 1 na UDC e ningún na UVigo) Pode consolidarse unha área de investigación con unicamente catro persoas con situación laboral estable?

A primeira condición para a mellora da investigación en DCS pasa por unha política de consolidación de cadros de persoal nas universidades galegas.

A segunda, pola selección de persoal especialista e non de áreas “afíns” (non existe tal afinidade).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alonso, X., Alvedro, M^a D., Franco, J. P., Llinares, C., López, B., Mantilla, I., ... Sueiro, F. (2012). “David descubre que tiene una historia”. *Aula de Infantil*, 65, 17-19.
- Arias Rodríguez, L. (2007). “Un movimiento de mujeres que luchan por la sostenibilidad”. *Íber. Didáctica de las Ciencias Sociales, Geografía e Historia*, 53, 29-40.
- Armas Castro, X. (2002). *Ensinar historia de Galicia. Aspectos historiográficos e didácticos*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Durán Villa, F. R., López Facal, R., Saavedra Vázquez, M^a C.; Sánchez García, J. A. e Villarino Pérez, M. (eds.) (2012). *Actas del Congreso Internacional. Innovación metodológica y docente en Historia, Arte y Geografía*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Iglesias Baldonado, M. (2009). “Fotografías antiguas e historia local. Una experiencia de investigación histórica con alumnado de secundaria”. *Íber. Didáctica de las Ciencias Sociales, Geografía e Historia*, 60, 115-123.

- López Facal, R. (2004a). Enseñar historia en convivencia plurinacional. *Gerónimo de Uztariz*, 17-18, 49-57.
- (2004b). “Enseñar la historia de la gente”. En R. Villares, F. Comín, A. M. Bernal, P. Ruiz, J. Casanova e R. López Facal, *Josep Fontana: Historia y proyecto social* (pp. 263-298). Barcelona: Crítica.
- (2008). “Identificación nacional y enseñanza de la historia”. *Historia de la Educación. Revista interuniversitaria*, 27, 171-193.
- (2009). “Sobre la enseñanza de la historia en los siglos XIX y XX”. En M. Janué (ed.), *Pensar històricament. Ètica, ensenyament i usos de la història* (pp. 57-87). Valencia: Publicacions de la Universitat de València.
- (2010a). “Historia e identidade. Unha aproximación á historiografía contemporánea en Galicia”, 1980-2009. *Minus*, 18, 207-257.
- (2010b). “Un thème conflictuel: l’enseignement de l’histoire et l’identité en Galice”. *Le Cartable de Clio*, 10, 113-120.
- (2010c). “Nacionalismos y europeísmos en los libros de texto: identificación e indentidad nacional”. *Clio y Asociados* 14, 9-33.
- (2014). “La LOMCE y la competencia histórica”. *Ayer. Revista de Historia Contemporánea*, 94-2, 273-285.
- López Facal, R. e Cabo Villaverde, M. (2012a). “Enseñanza y nacionalización de la población española (1850-1931)”. En R. López Facal e M. Cabo Villaverde, *De la idea a la identidad: estudios sobre nacionalismos y procesos de nacionalización* (pp. 111-128). Granada: Comares.
- (coords.) (2012b). *De la idea a la identidad: estudios sobre nacionalismos y procesos de nacionalización*. Granada: Comares.
- López Facal, R. e Jiménez-Aleixandre, M^a P. (2009). “Identities, social representations and critical thinking”. *Cultural Studies of Science Education*, 4, 689-695.
- López Facal, R. e Valls Montés, R. (2011). “Construcción de la didáctica de la Historia, la Geografía y otras ciencias sociales”. En J. Prats (coord.), *Geografía e Historia. Complementos de Formación Disciplinar* (pp. 201-218). Barcelona: Graó.

- López Facal, R., Jiménez-Aleixandre, M^a P. e Arcidiacono, F. (2015). “Le territoire comme composante de l’identification nationale dans l’argumentation des élèves du secondaire”. En N. Muller Mirza e C. Buty (éds.), *L’argumentation dans les contextes de l’éducation* (pp. 323-354). Bern, Berlin, Bruxelles, Frankfurt am Main, Nova York, Oxford, Wien (Suíza): Peter Lang.
- López Facal, R., Velasco Martínez, L., Santidrián Arias, V. e Armas Castro, X. (2011). “Pensar históricamente en tiempos de globalización”. *Actas del I Congreso Internacional de Enseñanza de la Historia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Magdalena Vidal, V. (2004a). “Nuevas tecnologías en la enseñanza de las Ciencias Sociales y el Conocimiento del Medio: aplicaciones prácticas (I): la orientación. Planos y mapas. Actividades en el aula de informática”. En C. Domínguez Garrido (coord.), *Didáctica de las ciencias sociales para primaria* (pp. 423-454). Madrid: Pearson.
- (2004b). “Nuevas tecnologías en la enseñanza de las Ciencias Sociales y Conocimiento del Medio. Aplicaciones prácticas (II): la computadora como recurso para el estudio del Paisaje”. En C. Domínguez Garrido (coord.), *Didáctica de las ciencias sociales para primaria* (pp. 455-477). Madrid: Pearson.
- Noche Fraga, R. (2013). “Xeografía 2.0 na ESO: traballo colaborativo con wikis e estratexias para superar o ‘copiaepaga’”. *Eduga: Revista Galega do Ensino*, 69.
- Obelleiro Pérez, M. e Prieto Lage, I. (2013). “Proxecto Silandeira. Actividades de coñecemento do medio en EdiLim para educación primaria: unha proposta metodolóxica para o quinto curso Abalar”. *Eduga: Revista Galega do Ensino*, 66.
- Pose Porto, H. M. (2006). *La cultura en las ciudades: un quehacer cívico social*. Barcelona: Graó.
- (2009). “Cinco apuntamentos sobre educación patrimonial e labor municipal”. *Revista Galega de Educación*, 44, 76-79.

- Pousa Castelo, M. e López Facal, R. (2013). “Eurocentric History in Spanish Textbooks”. *International Journal of Historical Learning, Teaching and Research*, 12-1, 107-120.
- Reigosa Carreiras, A. (2006). “Museo Provincial de Lugo. Dez anos de actividades didácticas”. *Revista Galega de Educación*, 35, 41-43.
- Rodríguez Lestegás, F. (2006). “Cultura escolar, ideología y geografía: de la “identidad nacional” a la “identidad europea”, o la construcción de un nuevo objeto de enseñanza”. *Revista de Educación*, 339, 837-858.
- (2008). “La construcción de identidades en la sociedad actual: un desafío para la educación y para la democracia”. *Revista Española de Pedagogía*, 239, 85-103.
- Sáiz Serrano, J. e López-Facal, R. (2015). “Competencias y narrativas históricas: el pensamiento histórico de estudiantes y futuros profesores españoles de educación secundaria”. *Revista de Estudios Sociales*, 52, 87-101.
- Santidrián Arias, V. (2014). “De cristales y muros: De la noche de los cristales rotos a la caída del Muro de Berlín”. *Íber. Didáctica de las Ciencias Sociales, Geografía e Historia*, 76.
- Toledo Jofré, I., Magendzo Kolstrein, A., Gutiérrez Gianella V., Iglesias Segura, R. e Lopez-Facal, R. (2015). “Enseñanza de “temas controversiales” en el curso de historia, desde la perspectiva de los estudiantes chilenos”. *Revista de Estudios Sociales*, 52, 119-133.
- Valls Montès, R. e López Facal, R. (2011). “La didáctica de la Historia y de la Geografía y otras ciencias sociales”. En J. Prats (coord.), *Geografía e Historia. Complementos de Formación Disciplinar* (pp. 189-199). Barcelona: Graó.
- Vázquez Rozas, R. (2006). “Alfombras florales: aplicaciones didácticas de un arte efímero”. *Íber. Didáctica de las Ciencias Sociales, Geografía e Historia*, 47, 101-110.
- Veiz Jeremías, J. M., Armas Castro, X., Mendoza Rodríguez, X. e Cañarville Pegito, X. A. (2004). “Didácticas específicas”. En M. A. Santos Rego (dir.), *A Investigación educativa en Galicia 1989-2001* (pp. 303-424). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Villares Paz, R., Comín, F., Bernal López, A. M., Ruiz Torres, P., Casanova, J. e López Facal, R. (2004). *Josep Fontana: Historia y proyecto social*. Barcelona: Crítica.

12

DIDÁCTICA DA EXPRESIÓN MUSICAL,
PLÁSTICA E CORPORAL

MARÍA JESÚS AGRA PARDIÑAS

CAROL JEAN GILLANDERS

RAÚL EIRÍN NEMIÑA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

JOSÉ MARÍA MESÍAS LEMA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

I. INTRODUCCIÓN XERAL: DESCRICIÓN DA ÁREA DE TRABALLO

O ámbito da investigación educativa en Galicia vinculada ás áreas artísticas goza dun impulso emerxente con indicios de estabilización a partir deste período 2002-2014. Referirémonos á “investigación nas áreas artísticas” e non á “investigación en Educación Artística”, por varias razóns:

A primeira delas é a confusión relacionada co termo “Educación Artística” no ámbito iberoamericano, por suposto con excepcións. Mentres que na acción docente, na investigación e na bibliografía anglosaxoa, italiana e portuguesa se emprega o termo “Arts Education” como un ámbito interdisciplinario das artes (artes visuais, drama, danza e música), iso non acontece no territorio nacional e, por ende, tampouco na esfera galega (non debe confundirse “Arts Education” con “Art Education” posto que este último termo se refire exclusivamente ás artes visuais).